



O servizo municipal Augas de Teo atende só con cita previa. Esta decisión adóptase por operatividade, para que as persoas que veñan realizar algunha xestión non teñan que estar agardando . Algunhas das xestións máis habituais pódense realizar a través da [sede electrónica do Concello](#), operativa as 24 horas, ou presentado a documentación por Rexistro xeral nas oficinas municipais.

Augas de Teo atende os luns, mércores e venres de 09:00 a 13:00 horas de xeito presencial, pero sempre con cita, que se pode concertar chamando aos seguintes números: 981 803 981 ou 628 779 066 (tamén por whatsapp). Non se darán citas por correo electrónico. Polo bo funcionamento do servizo e para evitar esperas a outras persoas usuarias, solicítase puntualidade coa hora concertada (pasados 10 minutos da hora prevista sin comparecencia, a cita cancélase).

Algunhas das xestións habituais, como o cambio de domiciliación bancaria ou o cambio de titular do contrato, pódense realizar no Rexistro do Concello ou por sede electrónica(<https://sede.teo.gal/opencms/gl/>).

Lémbrese ademais que as xestións deben ser realizadas pola persoa titular do contrato (por protección de datos) ou mediante unha persoa que a represente cunha autorización asinada pola persoa titular.

Documentación necesaria para os trámites máis habituais

Necesítase a presentación dunha instancia xeral no Rexistro presencial ou electrónico do Concello xunto coa seguinte documentación segundo o trámite:

CAMBIO DE DOMICILIACIÓN BANCARIA

Titular:	Factura de augas Copia DNI Certificado bancario Se é familiar un documento que o acredite Orde de domiciliación de adeudo directo SEPA
Inquilino/a (Só poden estar como pagadores ou recibidores):	Contrato de alugamento Factura de augas Copia DNI Certificado bancario Orde de domiciliación de adeudo directo SEPA Se é familiar un documento que o acredite .

CAMBIO DE TITULAR

Escritura da compra-venda DNI Certificado bancario Factura de augas Orde de domiciliación de adeudo directo SEPA
<ul style="list-style-type: none">No caso de que sexa un cambio por defunción hai que xuntar ademais: xustificante de pago do imposto de sucesións + testamento + derradeiras vontades+ acta de defunción + DNI do/a novo/a titular + Certificado bancario

SOLICITUDES DE ACOMETIDAS

Para vivendas existentes (Só o poden facer os/as titulares)	Recibo de contribución DNI Orde de domiciliación de adeudo directo SEPA
Para novas vivendas (obras)	Escritura de propiedade da parcela Plano de situación Planos de fontanería e saneamento DNI do/a propietario/a Orde de domiciliación de adeudo directo SEPA Licenza de obras, se a teñen. *Se non pode vir o/a titular necesítase unha autorización por escrito.

FACTURAS FÓRA DE PRAZO

Recargo dun 5% Dispónse dun prazo máximo de 15 días para pagar.
--

XESTIÓNS POR WHATSAPP

Duplicados de facturas Facturas que non chegaron Débedas
--

Teléfono para incidencias e avarías: 619615125